

Actividades no claustro

O fervedoiro

Remanso de paz o claustro do Mosteiro. Unha gozada pasear por el. Namoroume. É pobre, humilde, de medidas humanas, acolledor ... Xamais protestou polas feas operacións estéticas que sufriu: os frades tapando fiestras, os arquitectos do Concello esnaquizando sen piedade gran parte delas, e este argalleiro abrindo con pouco xeito unha entrada no muro sur. El seguía ofrecendo paz e silencio. O meu namoramento non tardei en demostralo.

Ao pouco de estar en Sansa fálanme de que un tal *Pedrido* está hospitalizado nun pequeno sanatorio que había pola zona da Porta de Neira (Catabois). Sufrira un grave accidente. Tan pronto como puiden fun visítalo. “*Así que vostede é o novo Cura*”, díxome con voz turbada pola postura que tiña na cama. “*Pois xa me contaron cousas de usté*”. Na primeira impresión intrigábame abondo aquel home. Parecía autoritario, moi dono de si, arrogante, entremetido, seco no falar ... Metidos en conversación, espétame: “*pois vaia que querían sacar tallada os do Bispado*”. Pedinlle que se explicara. Aclaroume que, polo visto, houbera conversas entre o Concello, o crego anterior e o bispado; pretendíase que o bispado cedese o que ocupaba do Mosteiro e a cambio o concello tiña que edificar unha casa reitoral na finca do igrexario onde hoxe está a Casa da Cultura, ou tamén que o concello entregara cincocentas mil pesetas e que o bispado correra coa construción. Eu non escoitara nada destes negocios. Cansouse de asegurarme que iso era unha estafa, que os do bispado querían aproveitarse da debilidade do **Alcalde Gavín**que sei eu o que sacou daquela boca da que, ademais de palabras, ía aparecendo espuma pola comisura dos labios. Eu, cando puiden, saín en defensa do claustro e do Mosteiro; non directamente do bispado. Aperteille a man e mirándolle aos ollos díxenlle: “*Manolo, se consigues que o vendan por un millón, compro eu*”. Foi como pegarlle un tiro. Rebulía na cama. Desapareceran as dores e comezaron os suores. Estaba escandalizado pola miña burrada de inexperto mercador de mosteiros. Deixeiño esbardallar. O movemento coas mans eran de puro teatro. Cando me deu baza, volvíñ entrar en escena. Pretendín explicarlle detidamente o que faría no convento, se fora meu: cubriría os

claustros con tellado transparente para sala de festas e reunións de eventos importantes, faría un restaurante aproveitando a vella cociña e o refectorio dos frades con comidas da época Sen poder continuar, córtame a palabra: “ *anda carallo! ... home xa ... niso non pensara eu*”. Era evidente que o touro sentírase ferido coa miña estocada. Despois da volta ao coso, xa mansos, seguimos parolando, tendo a **Bríxida** (paciente e santa muller) como única testemuña dos nosos secretos; o que agora queríamos era que os soños se converteran en realidade para que La Villa de la Tranquilidad se cambiara por “A Vila da Prosperidade”.

Efectivamente o Alcalde **Ángel Gavín** confirmoume: “*algo se ten falado do asunto*”. Pois menos mal que non se levou a cabo porque, se así fora, cando algún forasteiro entrara na praza apuntaría ao templo e diría: “*A casa de Deus*”, e logo ollando para a cima da praza e admirando a fachendosa nova reitoral diría: “*Deus que casa!*”. E inqueda preguntaría: “*E logo ... quen é o merlo branco que vive nesa gaiola*”? A resposta sería unánime: “*o merlo élle mouro e vive de cantar o gori- gori*”. Este merlo morrería de pena nesa gaiola.

Non se me ía da cabeza a idea do claustro, pero primeiro comecei por arranxar unha sala de reunións. Prepareina no local que había entre o teleclub e o que fora refectorio, este destinado daquela a carpintería dos **Vigo**. Impoñía entrar naquel tugurio. A única porta daba aos claustros. Despois dunha exhaustiva limpeza, feita por menda, o albanel **Santiago Calvo** colocou os terrazos e **Emilio de Vigo** (carpinteiro) cubriu as paredes cunhas chapas que eu mercara na “Peninsular Maderera”, sita na Malata onde hoxe está o campo de fútbol de Ferrol. Vendían as chapas a prezo de saldo xa que a fábrica pechara, deixando graves e gordos problemas sociais. Os dous colaboraron gratuitamente; eu, como peón, seguí o seu exemplo. Nunha esquina construímos, entre **Arturo do Albeiro** e máis eu, unha lareira. Probámola varias veces e non defumaba ben. **Arturo** confesárame que el non era especialista en lareiras nin en chemineas. Démoslle todas as voltas posibles. Pero nada; mesmo parecía que aquel era o fume do demo: en vez de subir baixaba. Choramos e todo; por rabia, e polo fume. Ao día seguinte propúxenlle a **Arturo** unha argallada coa que soñara de noite para ver de atopar solución: “*imos ir a Mármoles Feal dicindo que queremos mercar unha lareira. Ti levas metro*

e tomas as medidas ao detalle para calibrar ben a entrada e a revolta que hai no comezo do tubo que sube ao tellado. Medimos varias. Cando rematemos dicimos que agora imos comprobar o sitio para ver de que caiba esta que é a que máis nos gusta”. Así o fixemos. Non creo que os asaltantes teñan máis nervios dos que tiñamos nós mentres estivemos metidos nestas andainas ... Puidemos contarlle abertamente o noso problema aos donos da Fábrica de Feal (**Guillermo e Manola**) xa que os coñecíamos e tratábalos. Pero deume por aí; non aturo a saber por qué. Debeu ser o demo do orgullo. Recoñecer que un é ignorante en chemineas costa suor! Descubrimos coas nosas medicións que a entrada que lle deixáramos era demasiado grande; por iso non facía tiro e o fume ríase de nós e deitábase na sala. Desconfiábamos das medidas que lle déramos, pero daquela non tiñamos ao listiño de Google para lle consultar. Ao día seguinte da nosa fazaña, puxémoslle unha peza para reducir a boca e santo remedio. Con iso tamén constatamos que non por ter a boca moi grande se traga mellor. As pedras que lle puxemos eran da lareira dos frades. Outras levounas **Milucho** como teño contado.

A sala colleu quentura de seguida. **Toñito do Capador** (Lamas), estudante daquela para arquitecto, reproduciu con moita arte en tamaño grande debuxos de Castelao cos que se cubriron as paredes, e a **Madre Gracia** (Lola) pintou un precioso cadro de María de Nazaret, da que tamén tiñamos unha ben linda imaxe de barro. Baixei para alí a miña biblioteca na que había libros que daquela estaban prohibidos, p. e. “Sempre en Galiza”, varios do “El Ruedo Ibérico”, ... e penso que **Ricardo dos Feás** (vivía en Santiago en namoros cos de “O Galo” deixou algún libro). Por desgraza, o andazo da lectura era tan escaso antes como agora. A preciosa rolada de universitarios que había daquela (**Nelly, Iñaquito, Pascual, Anabel, Paola, Balbi, Olga...**) servíronse por necesidade das diversas Enciclopedias de Historia del Arte, Pedagogía, Historia de España ...

As primeiras reunións foron para min moi queridas. Xuntámonos semanalmente durante un longo tempo: **Ramón Méndez** (Médico), **Pedro** (Notario), **Secundino García e Josefina, Mariano Guizán, Joaquín Villanueva e Pepita, Jesús Ramos e Raquel, Pepe Gudín, Alberto Armesto** ... (todos estes Mestres do Colexio) e varias mulleres de Sansa

das que logo falarei. Isto foi no ínterim entre o final das escolas nas parroquias e o comezo do novo Grupo Escolar. Serviámonos duns materiais que recibía de Madrid, pensados sobre todo para os mestres que ían ser profesores de relixión; pero éramos moi libres en fixar temas. (**Ramón**, moi primario e con fondas inquedanzas relixiosas e sociais, daba moito xogo; **Joaquín** poñía en solfa algunhas “verdades”; **Jesús**, coas súas contradicións, aguilloaba a nosa paciencia; as mulleres, sempre prudentes, aportaban visións inesperadas ...). Collemos tal amizade que, cando a vida nos escagallou, seguimos xuntándonos todos os anos para comer en familia e recordar tempos.

Cando o vendaval varreu a estes amigos de Sansa, seguimos coas reunións semanais ata que me fun. Participan nelas: **Marina do Casal**, **Argentina** e **Camila** (Cornide), **Aurora Merlán**, a **Madre Nieves**, **Mina do Outeiro**, **Brígida Paredes**, **Elvira da Veiga**, **Maruja de Neiva**, **Elena Sabin**, **Adelina do Casal** ... Servímonos de libros como “Creo en Deus Pai” de Torres Queiruga, “Alternativa cristiana” de Castillo, “Teología para seculares” ... Que interesante o diálogo e que ben o pasábamos!! Líamos, comentábamos e rezábamos. Temos recordos moi gratos. Polo Nadal e a Pascua montábase sempre algunha merendola.

Nesa sala cocíñouse de todo. Caldos moi variados. O que había de vida na parroquia cocíase nela. Era o meu lugar de traballo. Pasaba alí tempo e tempo; tanto que miña nai tenme dito: “*Ti pareces doutra familia*”. Diciano non para regañarme; se non máis ben para constatar unha realidade. Para estar un só resultaba algo grande. Non había nin radio nin tele; a máquina de escribir, primeiro unha Olimpya mercada en Roma e despois a eléctrica regalada cando o agasallo, foi a miña fiel compañeira. Parecía máis listo que Lepe, pois escribín de todo. De aí saíron para Boa Nova unha homilía para cada domingo durante máis de tres anos, as colaboracións para El Ideal coas “*Cartas a D.Vicente*”, todos os *Pumariños*, colaboracións semanais para a revista *Irimia* e a folla *Buena Noticia*, algún panfleto ... E por riba o bo amigo **Camilo**, Director do Grupo Escolar, pretendía que estudara leis pola Uned; alí tiña os libros de primeiro que me regalou –el xa ía en terceiro-. Mirei de ler algo, pero a cabeciña non daba para máis. Como tamén servía de despacho, a xente viña por alí a miúdo. **Permuy** de Igrexafeita e **Carlos** de Lamas para aportar cousas para *Pumariño*, o

xastre **Xelo Sanjurjo** e o zoqueiro **José Hermida** para ler e comentar; poucas persoas vin con máis ganas de aprender que o Zoqueiro. Interesáballe todo, tiña unha memoria prodixiosa e un arte especial para contar as súas andanzas. Outros viñan para cubrir impresos; tamén veu alguén consultar a cabeza ou o corazón ... De todo houbo. Non son capaz de borrar da cachola os recordos que me trae unha persoa que, ás tantas da noite tendo xa pechado o portón, peta na fiestra para que lle abra. A primeira vez asusteime un pouco ao descoñecer quen chamaba; despois xa se me facía familiar o truco. Canto parolamos; e canto mal fan as formigas que se meten polos ouvidos e chegan a enguedellarse nas neuronas, producindo ideas retorcidas que estragan os miolos!! Aínda conservo o libro “*Como león rugiente buscando a quien devorar*” que unha noite me regalou para que o lera e me convencera da verdade do que me contaba. Para este caso houbo que buscar axuda especializada. Os pais non sabían que facer para agradecerme tanto cariño e interese. (Desde o Ceo onde estades rezade unha oración por este pecador). Tamén me lembro que outra vez -nesta ocasión era pola mañá- entrou unha persoa, e non máis sentar, comezou a recriminarme. Facíao con dureza, sen levantar a voz, pero moi segura de si mesma. Escoiteina un pouco, e de seguida a invitei a que se fora. Poida que esa persoa tivera algo de razón, pero aquel día eu tiña o forno demasiado frío para cocer empanadas. Aprendín que tampouco a min me gusta que me repriman, -vou para vello e non din coñecido a ninguén- e que para facelo hai que ter arte, moita humildade e case pedindo desculpas polo atrevemento de meterse en vidas alleas. Non se pode pretender entrar na alma doutro coa chave da miña verdade e, cando sentemos na mesa camiña, usemos aloumiños cos que xerar interrogantes e non dardos para afondar a ferida.

Entre as actividades destaco: *Os sacerdotes do Grupo “Boa Nova” que se reunían e comían nesa sala todos os meses; pola mañá revisábanse os diversos traballos e á tarde contrastábanse novas ideas e tomábanse decisións para arranxar problemas. Sempre dixeron que era o sitio ideal para traballar. Viñan os cegos máis “revoltosos” de Ferrol. Seguro que a Poli sabía a que nos dedicábamos, pero os gardiáns municipais, aínda que tiñan a porta da sala fronte ás oficinas do Secretario, debían estar inquedos por ver tanto coche no adro un mes si e outro tamén.

*Ensaio de Saraibas, mentres non se pechou o teleclub; despois pasamos para alí instrumentos e equipo de amplificación. Unha noite aciaga roubaron unha guitarra desa sala. *Fervedoiro, elaboración e montaxe de *Pumariño* (cantas horas, **Regina, Mariam, Manel!!**). *Reunións da Xunta Parroquial, despois Asociación de Veciños; alí decidiuse, entre outras moitas cousas, facer o palco de ferro para a festa e outros eventos, e que usamos todos os anos –encargándome eu persoalmente da montaxe– para o festival de *Cantareliña*. O ferreiro **Joliño** (Cornide) fixo unha obra perfecta. *Tamén nos primeiros tempos os do Grupo Socialista reuníanse nesta sala. Por certo, recordo que nunha desas xuntanzas dos socialistas dixo **Toñito** do Serrador: “*oístes ho ... mirade ... Amando xa está desacreditado ... agora hai que apear ao cura*”. Eu estaba algo indisposto e fórame cedo para a cama, que coincidía xusto encima da sala. Daquela entendín a Toñito -noutro sitio digo que non pode haber máis ca un galo en cada galiñeiro- aínda sen saber se era cabalo ou mulo o que montaba, pero doeume e gardeino na esquina do corazón. Hoxe ríome ao lembralo.

Axudándome de *Pumariño* para as datas, ás catro da tarde do domingo 2 de maio de 1976, houbo unha reunión importante na sala. Non se collía co xentío que había. Tema, o Fogar Parroquial. Era a primeira vez que se trataba o asunto en asemblea. **Antonio Parra** foi o defensor e **Ana de Prospes** e **Carmiña do Outeiro** as máis opositoras. Noutro relato falei desto.

Outra reunión importante foi a que se deu con varios cregos de Ferrol, algúns pescadores e **Víctor Moro**, daquela Director Xeral de Pesca Marítima, que pasaba uns días de vacacións coa familia na Casa dos Asturianos (Barrio da Feira). Pasou o seguinte. O domingo –creo que debía ser o 4 de xullo- ás nove da mañá saía eu para celebrar Misa na Capela de Santiago de Silvalonga e preséntaseme inesperadamente D. **Victor Moro**. Viña de recoller a prensa de Casa Torina. Amósame con certo nerviosismo un escrito de cregos de Ferrol protestando polo retraso nos pagos pola desfeita que produciu o afundimento do petroleiro Urquiola (12-5-76). Non está de acordo co que se di no escrito. Quere falar directamente con eles e pídeme que eu os cite. Comprométome. Localicei a **Cuco** (Eliseo Ruiz de Cortázar). Ao día seguinte celebrouse a reunión na

sala parroquial. Víctor informou, pero as cousas quedaron como estaban, porque o que se pedía era máis axilidade nas solucións.

Pero eu seguía namorado do “meu” claustro. Soñaba. Prestábase para tantas cousas!! Copio aquí o que publicamos en *Pumariño* sobre o asunto. Cando se di: “*bulindo na cabeza dalgún*” esa era a pura verdade. Eu imaxinaba que podía chegar a ser algo importante e de moito interese para Sansa.

Hai un grupo de rapaces que se están empenando en levar pra diante unha idea que xa fai tempo que anda bulindo na cabeza dalgún. Trátase de facer no claustro do convento (hoxe axuntamento e casa rectoral) unha especie de teatro ó aire libre. Queren rebaixar o que estaba dedicado a xardín, facer un escenario nunha das esquinas e poñer asientos en todo o chao. A cousa vai quedar ben. Pensean teleaxeitado pros meses do vran. E queren invitar a grupos de teatro pra que veñan representar eiquí algunhas pezas teatrales, traer cantantes de sona pra dar recitales, preparar algunhas mesas redondas sobre temas que nos interesan, invitar a grupos de coros e danzas...

Esto queren bautizalo co nome de AS NOITES EN SAN SADURNIÑO.

Será cousa moi orixinal. En toda a volta non se verá nada semellante. A ilusión dunhos rapaces novos vale máis que todo o ouro do mundo. E se non xa se verá.

Teñen a seguridá de que vai chover pouco; por eso non lles preocupa o que seña ó descuberto.

Comezo por argallar un estrado onde se puideran celebrar concertos. Todo moi sinxelo. A laranxeira e o cinamomo dábanlle prestancia de sobra. Arrinquei os mirtos que había polo medio e con táboas cravadas en estacas arranxei sentadoiros para o público. Falo en primeira persoa porque efectivamente foron as miñas mans quen fixeron todo iso. De feito, recordo que un día **Avelino**, asustado por tanto estouro inesperado, abriu a fiestra do Concello e sorrindo dime: “*Pero ... e logo ... parece que non hai xente en San Sadurniño!*” Tranquilleino asegurándolle que para isto ben me valía só. E foi daquela cando abrín unha entrada no muro sur. A propia do claustro era pequena e cadraba algo a desmán. Deixei alí ao carón as pedras para algún día volver colocalas no seu sitio.

A estrea foi cunha actuación de “**Fuxan os ventos**”. Máis solemne non podía ser. Conseguí que viñeran grazas a miña amizade co cura Mato. Todo foi gratis e pola causa. O claustro riu de contento; nunca tal cousa vira nin ouvira. A voz de **Mini** envolvía todo o conxunto. Estaba ateigado de xente. En paga devolveunos unha acústica perfecta sen necesidade de alt falantes nin farrapos de gaitas. Soaron de marabilla os cantos, os aplausos, e os vivas de “Galiza ceibe”. Unha tarde noite memorable.

A segunda actuación estivo a cargo dos rapaces (uns trinta) do Grupo “**Airiños**” de Vilagarcía, dirixidos polo crego **Xaime Vahamonde**. Facían unha preciosa montaxe musical ao xeito de “Jesucristo superstar”. Pero os problemas apareceron antes do comezo. Entran dous Gardas Civís pedindo a autorización escrita para tal evento. Non a hai, nin escrita nin sen escribir. Falamos con Xaime. Explica que teñen actuado en moitos sitios e ninguén lles pediu nada. Os Gardas insisten. Acaban aclarando que os chamou o Alcalde e que deben esixir a autorización. Damos voltas sen saber que facer. Por fin deciden que Xaime debe ir ao Cuartel para asentir unha declaración de conforme se fai responsable de todo. Alá van. Tarda máis dunha hora en volver. O acto comezou con moito retraso. Foi precioso; mellor aínda que o de Fuxan ao non estar tan tenso pola política reivindicativa. Eu si estaba tenso pola política local. A actuación foi unha regalía. Estábase facendo realidade o de “As noites en San Sadurniño”.

A terceira estivo a cargo da **Coral de Cariño** na que estaban os tamén cregos e compañeiro **Higinio** e **Salustiano**. Tampouco neste caso se contaba con permiso; pero non houbo problemas. O claustro volveu a rir. Os da Coral aseguraron: “*non atopamos sitio coma este. É un encanto cantar aquí*”. Non mentían. Déronse outros eventos dos que non me lembro. Si recuerdo que **Santúa** organizou un mitin do Partido de Tierno Galván. Tamén estivo moi concurrido.

No ano 1977 celebramos alí a Misa da Festa de Santa Isabel, coa imaxe da Virxe do Rosario presidindo a cerimonia. O neno **Alejandro Barreiro** (neto do Mestre D. Arsenio) leu unha redacción súa que resultara premiada pola Comisión de festas. A redacción estaba en galego e Alejandro leuna con moi boa entoación. Ao remate da celebración dime **Victor Moro** (non

sei se daquela seguía sendo Director Xeral de Pesca) “*desta maneira Galicia non morre*”. Estaba emocionado. Notábaselle.

Tamén se festexou nos claustros cun gran churrasco a ordenación sacerdotal de **Enrique Barro Sabín** (agosto 1981). Foi unha festa por todo o alto. Daba xenio ver o persoal sentado en mesas corridas ao longo dos catro lados. **Pedrido** estaría por alí e recordaría o que eu lle dixera. Estaba ben claro que valía máis dun millón.

Por que non se continuou? A culpa levouna o tempo, a inseguridade permanente de organizar algo e que logo, pola chuvia ou polo vento, non se puidera realizar. Tiven longas conversas con **Joliño** (Cornide) para ver a posibilidade de poñerlle un teito transparente. “*Posible si, pero custoso tamén*”, dicíame ... e para colmo tiñamos que contar coa autorización do Concello. Tamén se comentou o tema na Directiva da Asociación de Veciños. O sentir case unánime foi: “*Iso é moi complicado*”. E así foi morrendo a idea, anegada pola desilusión.

Outro dos meus soños incumpridos era facer no claustro unha especie de “museo” etnográfico. Con ese fin comecei por colgar alí o burro do que pendía a gramalleira na lareira dos frades; eran dous ferros fortes colocados en ángulo recto e con outro máis pequeno que lle daba seguridade ao que ía en horizontal e do que pendía a gramalleira co pote; o ferro en vertical tiña algo aguzada a punta e a parte alta ía metida nun furado feito na cantería; así podía xirar case en redondo, todo o que lle permitía a lareira. -Coa mesma intención trouxen da casa de **Víctor Ramos** (a Curuxa) unha artesa feita do tronco (cañota) dun castiñeiro da Fraga da Marquesa, segundo me aseguraron. Usárona durante moitos anos para pór no sal os porcos da matanza . Apartara para os claustros -como curiosidade- unha das reixas de ferro como resto das fiestras da casa vella que tirara, e puxera tamén alí dous toros das vigas de castiñeiro coa idea de cambiar uns pes dereitos que había no tellado da igrexa e da casa que deberan ser do primitivo templo pois estaban traballados. Tamén estaba alí a campaña de chamada do tempo dos freires. Pendía dunha viga dos claustros fronte á porta do refectorio. Para tocala ía un arame que, colgado nunhas pezas de madeira suxeitas ás vigas, saía fora polo portón no que tiña un buratiño

feito ben ao xeito, con latón ao redor para non rozar a madeira. Creo que recollera algunha cousa máis, pero no me lembro.

Ramón Díaz Raña, Cáceres, outubro do 2015